



Os Follas Novas premian a Rosa Aneiros en narrativa, María Landesa en poesía e Paula Carballeira en teatro

- [Praza Pública](#) domingo 27, abril 2025

<https://praza.gal/cultura/os-follas-novas-premian-a-rosa-aneiros-en-narrativa-maria-landesa-en-poesia-e-paula-carballeira-en-teatro>



Foto de familia dos Premios Follas Novas 2025 CC-BY-SA Moncho Fuentes

As autoras volveron dominar a lista dos Premios Follas Novas, que celebraron onte a súa tradicional gala na que se reivindicou o papel do mundo do libro na historia recente de Galicia

Xa non é noticia. As autoras [volveron dominar](#) a lista dos Premios Follas Novas, que celebraron onte a súa tradicional gala na que se entregaron tanto os premios por categorías literarias como aqueles que recoñecen a figuras do mundo da literatura, da edición e do sector libreiro.

Nesta edición o premio á obra de narrativa foi para *A noite das cebolas*, de **Rosa Aneiros** (Edicións Xerais de Galicia). O premio ao libro de poesía recoñeceu *Os pozos elegantes das clavículas*, de **María Álvarez Landesa** (Alvarellos Editora). E o premio ao libro de teatro foi para *Ubasute*, de **Paula Carballeira** (Editorial Galaxia).

A gala tivo lugar no Teatro Principal de Santiago e serviu para reivindicar o papel do mundo do libro na historia recente de Galicia, unha historia que, segundo explicaron percorre catro décadas tanto para escritores, editoras e librarías. No transcorrer da festa, presentada por Xosé Barato, tivo un especial protagonismo a situación de Palestina, a través da presenza de Shahd Wadi, do libro que resultou gañador de iniciativa editorial e tamén das intervencións de algúns dos gañadores en distintas categorías. **Manuel Bragado**, premiado de honra pola AGE fixo un repaso pola situación editorial de Galicia e pediu “un trato digno para o libro galego, como fixo no seu día Agustín Fernández Paz” tamén propuxo o mestre e editor “que todos os sectores e administracións do libro se senten na mesma mesa”.



Manuel Bragado, Premio de Honra pola Asociación Galega de Editoras CC-BY-SA Moncho Fuentes

Manuel Bragado, premiado de honra pola AGE fixo un repaso pola situación editorial de Galicia e pediu “un trato digno para o libro galego”

Os premios Follas Novas están organizados pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editoras (AGE) e a Federación de Librarías de Galicia (FLG), co apoio da Concello de Santiago, a Deputación de A Coruña, a Xunta de Galicia e CEDRO.

Cada unha das tres asociacións organizadoras entrega na Gala dos Follas Novas os seus premios de honra anuais, nos que se salienta unha figura das letras, unha editorial ou persoa destacable do mundo editorial e unha librería. Nesta ocasión, os galardóns foron para Shahd Wadi, Manuel Bragado e para o fundador da librería Follas Novas, Rafael Silva.

Premios FLG: Rafael Silva

En decembro de 1971, tres cregos impulsaron a creación da librería **Follas Novas** en Santiago de Compostela, concibida inicialmente como unha librería especializada en libro universitario. Pouco tempo despois da súa apertura, un dos fundadores, **Rafael Silva**, deixou a vida eclesiástica para dedicarse de cheo á xestión da librería e tamén da súa editorial. O proxecto pronto foi máis aló da súa orixe académica, converténdose nun espazo clave para a difusión da cultura galega e nunha librería que, a día de hoxe, continúa sendo de referencia en todo o país.



Rafael Silva, Fundador da Librería Follas Novas, xunto con Miguel Tova, Cesáreo Sánchez, Cielo Fernández e Ana Regueiro. CC-BY-SA Moncho Fuentes

Premio AGE: Manuel Bragado

Manuel Bragado (Vigo, 1959) é editor, mestre e activista cultural. Foi director de Edicións Xerais de Galicia entre 1994 e 2018 e actualmente traballa como orientador en centros educativos de Redondela. Presidente da Fundación Luzes e colaborador habitual en *Faro de Vigo*, mantén dende 1999 a sección «Campo de Granada». Tamén é autor do blog *Brétemas*, recoñecido con varios premios, e publicou libros como *Vigo, puro milagre* e *Vigo, abella da ribeira*.

Shahd Wadi, nomeada Escritora Galega Universal pola AELG en recoñecemento á calidade da súa obra e ao seu compromiso coa defensa dos dereitos do pobo palestino desde unha perspectiva feminista

Premio AELG Escritora Galega Universal: Shahd Wadi

Shahd Wadi (Exipto, 1983) é unha escritora e investigadora palestina que creceu en Xordania e reside en Coimbra, Portugal. Doutorouse en Estudos Feministas na Universidade de Coimbra coa tese *Feminismos de corpos ocupados*, centrada nas narrativas artísticas das mulleres palestinas no exilio, que deu lugar ao libro *Corpos na trouxa* (2017).

Reparte o seu tempo entre a escrita, a tradución, a programación cultural e o activismo feminista e palestino. Nomeada Escritora Galega Universal pola AELG, en recoñecemento á calidade da súa obra e ao seu compromiso coa defensa dos dereitos do pobo palestino desde unha perspectiva feminista.



Shahd Wadi recibe o premio AELG Escritora Galega Universal. CC-BY-SA Moncho Fuentes

Listado de obras OBRAS PREMIADAS NOS FOLLAS NOVAS 25

PREMIO Á OBRA DE ENSAIO E INVESTIGACIÓN

Abril é un país. Tereixa Constenla. Editorial Kalandraka.

PREMIO Á OBRA DE DIVULGACIÓN

Rotas (As mulleres que o franquismo agochou en Compostela). Montse Fajardo. Edicións Positivas.

PREMIO Á OBRA DE NARRATIVA

A noite das cebolas. Rosa Aneiros. Edicións Xerais de Galicia.

PREMIO Á OBRA INFANTIL

Como escorrentar un lobo. Antonio Manuel Fraga. Cuarto de Inverno.

PREMIO Á OBRA XUVENIL

Cartas na escuridade. Lois Pérez. Cuarto de Inverno.

PREMIO AO LIBRO ILUSTRADO

Papóns. Sandra Lodi. Editorial Galaxia.

PREMIO AO LIBRO DE BANDA DESEÑADA, GRÁFICO E HUMOR

Presas fáciles. Voitres. Miguelanxo Prado. Retranca Editora.

PREMIO Á INICIATIVA BIBLIOGRÁFICA

Cantos de dor e liberdade. Voces galegas por Palestina. VV.AA. Tempo Galiza Editora.

PREMIO Á OBRA TRADUCIDA

Os caravanistas, de Elizabeth von Arnim. Celia Recarey. Irmás Cartoné.

PREMIO AO LIBRO DE POESÍA

Os pozos elegantes das clavículas. [María Álvarez Landesa](#). Alvarellos Editora.

PREMIO AO LIBRO DE TEATRO

Ubasute. Paula Carballeira. Editorial Galaxia.

PREMIO AO LIBRO MELLOR EDITADO

O libro das abellas. Varias/os autoras/es. Apiario. Imaxe

PREMIO PROMOCIÓN DA LECTURA

Culturgal